

Unidade 13:

O período de entreguerras

1. Introducción

Inmeditadamente despois de finalizar a Gran Guerra ou Primeira Guerra Mundial, Europa presentaba unha situación xeral de crise económica, política e social. O conflito devastou as estruturas das potencias europeas tradicionais, e foi tamén o contexto no que tivo lugar a Revolución bolxevique rusa de 1917, que significou tanto unha alternativa aos sistemas liberais como un espello para o movemento obreiro internacional, ao conformarse o primeiro Estado socialista.

En contraste co Vello Continente, os Estados Unidos tiveron un forte desenvolvemento económico na década de 1920, ratificando a súa condición de potencia mundial. Sen embargo, as bases deses “felices anos 20” saltaron polos aires co afundimento de Wall Street en 1929 e a consecuente Gran Depresión.

A inestabilidade mundial derivada desta crise económica e a incapacidade das democracias liberais para facer fronte a esta favorecería o ascenso de réximes autoritarios, como o fascismo en Italia e o nacionalsocialismo en Alemaña, que ofreceron respostas radicais baseadas na orde, o nacionalismo e a intervención económica do Estado.

2. Os “felices anos 20”

Tras a dura crise da inmediata posguerra (especialmente grave no caso de Alemaña, que sufriu unha fortísima hiperinflación), a partir de 1924 iniciouse unha etapa de recuperación económica e certa estabilidade internacional que alimentou unha sensación de optimismo xeneralizado. Esta percepción de prosperidade, especialmente visible nos Estados Unidos pero tamén presente en Europa, deu lugar á expresión dos “**felices anos 20**”. Con todo, baixo esa aparente bonanza agochábanse importantes desequilibrios económicos que acabarían por facer colapsar o sistema ao final da década.

2.1. A reconstrución europea. O Plan Dawes e a “concordia ilusoria”


A recuperación económica europea estivo estreitamente ligada ao papel dos **Estados**

Unidos, que emerxeron da guerra como a principal potencia económica mundial. A súa capacidade financeira permitiulles converterse no gran prestamista internacional, especialmente a través do **Plan Dawes** (1924), que permitiu reorganizar o sistema de pagos das reparacións de guerra alemás.

Este mecanismo creou unha especie de círculo financeiro: os capitais estadounidenses chegaban a Alemaña en forma de préstamos, Alemaña utilizábaos para pagar as reparacións a Francia e Gran Bretaña, e estas potencias devolvían á súa vez as súas débedas aos Estados Unidos. A curto prazo, o sistema favoreceu a recuperación económica e estabilizou a moeda alemá, o marco, pero tamén fixo que toda a economía internacional dependese do fluxo de crédito estadounidense, o que a convertía nun sistema extremadamente vulnerable.

Esta mellora económica tivo a súa tradución no ámbito político e diplomático, dando lugar a unha etapa de distensión coñecida como “**concordia ilusoria**”. A **Conferencia de Locarno**, celebrada en 1925 co obxectivo de solucionar os problemas xurdidos do Tratado de Versalles e os restantes tratados de paz, simbolizou esta vontade de entendemento, ao garantir as fronteiras occidentais de Alemaña. Asimesmo, a entrada deste país na **Sociedade de Nacións** en 1926 supuxo a súa reintegración na comunidade internacional, contribuindo á redución das tensións previas. Este proceso culminou co **Pacto Briand-Kellogg**, asinado en 1928 por 15 Estados que se comprometían a renunciar á guerra como instrumento político.

Non obstante, esta estabilidade era máis aparente que real: non resolvía o resentimento alemán nin as tensións nacionalistas existentes no Vello Continente, e dependía en exceso da continuidade da prosperidade económica.



2.2. As transformacións sociais

A recuperación económica dos anos vinte trouxo consigo profundas transformacións sociais, especialmente nos países máis industrializados. Consolidouse unha **sociedade de consumo** baseada na produción en masa e na adquisición de bens a través do crédito, o que permitiu a amplos sectores da poboación acceder a produtos que antes estaban reservados ás elites, como os automóviles ou os electrodomésticos.

Este novo modelo de vida estivo acompañado pola **expansión dos medios de comunicación de masas**, como o cine e a radio, que contribuíron a difundir novos valores culturais e estilos de vida máis modernos e urbanos. A **cultura do lecer**, a moda e a publicidade convertéronse en elementos centrais da vida cotiá.

Neste contexto tamén se produciron **cambios significativos na situación da muller**. A incorporación ao mercado laboral e os avances no dereito ao voto (acadado en boa medida tras anos de **loita sufraxista**) en diversos países favoreceron a aparición dun novo modelo feminino máis independente, simbolizado na figura da “flapper”. Aínda así, estes cambios foron desiguais e non eliminaron completamente as desigualdades de xénero existentes.




3. A crise de 1929 e a Gran Depresión

A prosperidade dos anos vinte baseábase nun crecemento económico que, en realidade, presentaba importantes debilidades estruturais. A produción industrial e agrícola aumentara de forma moi rápida grazas ás innovacións técnicas e á organización do traballo, pero este crecemento non ía acompañado dun incremento equivalente da capacidade de consumo da poboación. A isto sumábase unha forte desigualdade na distribución da riqueza, o que limitaba a demanda real.

Paralelamente, o sistema financeiro medrara de maneira descontrolada, alimentado pola especulación bursátil e pola compra de accións a crédito, o que xeraba unha ilusión de riqueza ficticia.

4.1. A crise de 1929

Neste contexto, o detonante da crise ou **“Crack do 29”** produciuse na Bolsa de Wall Street, en Nova York, en outubro do ano 1929. O medo dos investidores a unha caída dos prezos levou a unha venda masiva de accións, que culminou **no chamado “Martes Negro” (29 de outubro), cando o mercado colapsou completamente** e os valores perderon gran parte do seu valor en poucas horas. O que inicialmente parecía unha crise financeira localizada converteuse rapidamente nunha crise sistémica de longa duración, a chamada **Gran Depresión**.



A partir dese momento, o pánico estendeuse ao conxunto da economía. Os investidores que perderan os seus aforros na Bolsa acudiron masivamente aos bancos para retirar os seus depósitos, provocando unha reacción en cadea que levou á quebra de numerosas entidades financeiras e á perda dos aforros de moitos particulares. A desaparición do crédito tivo consecuencias inmediatas, xa as empresas, que dependían dos préstamos para financiar a súa actividade, víronse obrigadas a reducir a produción ou pechar.

A caída do crédito e o afundimento do sistema bancario provocaron unha contracción xeral do consumo. As industrias atopábanse cunha produción que non podían vender, o que agravou o problema da sobreprodución e levou ao peche de fábricas e ao despedimento masivo de traballadores. O paro aumentou de maneira dramática, e este incremento do desemprego reducía aínda máis a demanda, xerando un círculo vicioso do que resultaba moi difícil saír.

A crise non tardou en adquirir unha **dimensión internacional**. As economías europeas, especialmente a alemá, dependían en gran medida dos créditos estadounidenses establecidos polo Plan Dawes. Cando estes fluxos financeiros se interromperon, o sistema económico europeo entrou tamén en crise. Alemaña foi un dos países máis afectados, o que tivo importantes consecuencias políticas, mentres que outras economías, como a británica ou a francesa, tamén sufriron unha forte contracción.

As **respostas iniciais dos gobernos** non fixeron máis que empeorar a situación. Moitos países adoptaron políticas proteccionistas, elevando aranceis para protexer as súas industrias nacionais, o que provocou unha caída do comercio internacional. Ao mesmo tempo, aplicáronse políticas deflacionistas baseadas na redución do gasto público, dos salarios e do crédito, como as impulsadas polo presidente estadounidense Herbert Hoover. Estas medidas, lonxe de reactivar a economía, reduciron aínda máis a demanda e profundaron a crise.

As **consecuencias sociais** da Gran Depresión foron devastadoras. O paro alcanzou cifras sen precedentes nas sociedades industrializadas, e amplos sectores da poboación caeron na pobreza. Multiplicáronse as situacións de marxinação, os desaloxos e a inseguridade económica, tanto nos Estados Unidos como en Europa. Esta situación xerou unha profunda desconfianza cara ás democracias liberais e aos sistemas económicos tradicionais, favorecendo a busca de solucións alternativas, incluíndo opcións autoritarias.

4.2. As respostas á crise: keynesianismo e New Deal

A profundidade e duración da Gran Depresión puxeron en evidencia as limitacións das políticas económicas tradicionais baseadas no liberalismo clásico, que defendía a non intervención do Estado na economía. A incapacidade destas medidas para frear o afundimento económico favoreceu a aparición de novas propostas teóricas, entre as que destacou a formulada polo economista inglés **John Maynard Keynes**.

Keynes defendía que, en situacións de crise, o problema fundamental era a insuficiencia da demanda, polo que o Estado debía intervir activamente para estimular o consumo e o investimento. Isto implicaba aumentar o gasto público, aínda que supuxese incorrer en déficit, co obxectivo de reactivar a economía e reducir o paro. Estas ideas supuxeron unha ruptura co pensamento económico anterior e sentaron as bases dun novo modelo, no que **o Estado asumía un papel central na regulación do sistema capitalista**.

A aplicación práctica máis significativa destas teorías keynesianas tivo lugar nos Estados Unidos baixo a presidencia de **Franklin D. Roosevelt**, quen, a partir de 1933, puxo en marcha un

ambicioso programa de reformas coñecido como “**New Deal**”. Este conxunto de medidas non constituía un plan único e coherente desde o inicio, senón máis ben unha serie de iniciativas que foron evolucionando co tempo en resposta ás necesidades da crise.

Un dos obxectivos principais do New Deal foi restaurar a confianza no sistema financeiro. Para iso, *o goberno interveu no sector bancario*, establecendo mecanismos de control e garantía dos depósitos para evitar novas retiradas masivas de aforros. Ao mesmo tempo, introducíronse regulacións na Bolsa para limitar a especulación e dotar de maior estabilidade ao sistema.

Outro eixo fundamental foi a reactivación da economía a través do *gasto público*. O Estado promoveu grandes programas de obras públicas —construción de estradas, encoros, infraestruturas eléctricas— que non só modernizaron o país, senón que tamén xeraron millóns de empregos. Deste xeito, tratábase de romper o círculo vicioso da crise, aumentando os ingresos das familias para estimular o consumo.

No ámbito agrícola e industrial, o goberno adoptou medidas destinadas a *controlar a produción e estabilizar os prezos*, evitando así os efectos negativos da sobreprodución. Ao mesmo tempo, impulsáronse *políticas sociais* innovadoras para a época, como o establecemento dun salario mínimo, a regulación da xornada laboral e a creación de sistemas de protección fronte ao desemprego, a vellez ou a invalidez.

O New Deal non conseguiu por si só unha recuperación completa da economía estadounidense, xa que o paro seguiu sendo elevado durante boa parte da década de 1930, e os niveis de produción e emprego previos á crise non se recuperaron ata a Segunda Guerra Mundial. Con todo, si logrou aliviar as condicións de vida da poboación, estabilizar o sistema económico e, sobre todo, transformar de maneira duradeira o papel do Estado, que pasou a ser un actor esencial na vida económica e social.

A experiencia estadounidense serviu ademais de referencia para outros países, que comezaron a adoptar políticas intervencionistas semellantes. En conxunto, **a resposta á crise de 1929 marcou o fin do capitalismo liberal clásico e o inicio dunha nova etapa caracterizada pola maior presenza do Estado na economía.**



5. O fascismo italiano

A pesar de formar parte das potencias vencedoras da Primeira Guerra Mundial, Italia viviu a posguerra cunha profunda sensación de frustración, coñecida como a “vitoria mutilada”, ao non obter todos os territorios que reclamaba. A esta decepción sumáronse problemas internos como inflación, paro, mobilización obreira, ocupacións de fábricas e terras, ou o temor crecente das clases medias e altas a unha revolución socialista semellante á da Rusia de 1917.

5.1. A aparición do fascismo e as súas bases ideolóxicas

Nesa Italia en crise e inestable emerxeu a figura de **Benito Mussolini**, antigo socialista que evolucionou cara a posicións nacionalistas. En 1919 fundou os chamados *Fasci di combattimento*, uns grupos paramilitares compostos en gran medida por excombatentes, uniformados con **camisas negras**, que empregaban a violencia contra organizacións obreiras e partidos de esquerda. No ano 1921 estes grupos cristalizaron na creación do **Partido Nacional Fascista (PNF)**.

A **ideoloxía fascista** caracterizábase por un **forte nacionalismo**, entendido como a subordinación total do individuo aos intereses da nación, que era concebida como unha entidade superior con destino histórico propio. Neste sentido, **o Estado convertíase no eixo central da vida** política e social, situándose por enriba dos dereitos individuais e asumindo a función de dirixir todos os ámbitos da sociedade.

O fascismo rexeitaba tanto a democracia liberal (considerada débil, ineficaz e fonte de división) como o marxismo, ao que vía como unha ameaza revolucionaria que fragmentaba a unidade nacional. Fronte a estas ideoloxías, o fascismo propoñía unha **concepción orgánica da sociedade**, na que esta era entendida como un corpo no que cada grupo social cumpría unha función determinada. As diferenzas de clase non debían dar lugar ao conflito, senón ser integradas e superadas a través da colaboración baixo a dirección do Estado, o que se traduciu na creación dun **sistema corporativo** que limitaba a autonomía dos traballadores e reforzaba o control político.

Outro elemento fundamental era a **exaltación da violencia e da acción** como instrumentos lexítimos de transformación política, en oposición ao debate parlamentario. A guerra e o conflito eran vistos mesmo como mecanismos de fortalecemento da nación.

Ademais, o fascismo apoiábase no **culto ao líder** (encarnado en Benito Mussolini, o *Duce* ou líder supremo), presentado como guía infalible do pobo, e nunha **intensa mobilización das masas** a través da propaganda, a educación e as organizacións xuvenís, co obxectivo de crear unha **sociedade disciplinada, cohesionada e identificada cos valores do réxime**.

5.2. A construción do fascismo italiano

A comezos da década de 1920 a presenza política do fascismo en Italia foise incrementando rapidamente, e o seu acceso ao poder produciuse en 1922, coa **Marcha sobre Roma**, unha demostración de forza dos “camisas negras” que, máis que un golpe de Estado clásico, foi unha manobra de presión política. O rei Víctor Manuel III, temendo un conflito civil, decidiu nomear a Mussolini novo xefe de goberno, que comezou a aplicar paulatinamente as súas políticas. Nos primeiros anos, o fascismo mantivo unha aparencia de legalidade, pero progresivamente foi desmantelando o sistema liberal.



O proceso de instauración do sistema fascista acelerouse tras o asasinato do deputado socialista Giacomo Matteotti en 1924, que puxo de manifesto o carácter violento do novo réxime. A partir de entón, Mussolini consolidou o seu poder: prohibiu todos partidos políticos agás o PNF, eliminou as liberdades civís e estableceu un **Estado totalitario**, no que el, como *Duce*, concentraba toda a autoridade nas súas mans. A existencia da monarquía e os acordos asinados coa Igrexa (materializados nos **Pactos de Letrán de 1929**, que puxeron fin ao prolongado conflito entre Igrexa e Estado) permitiron dotar ao réxime dunha certa continuidade institucional e lexitimidade social.

No ámbito económico e social, o fascismo desenvolveu unha **política intervencionista** que buscaba combinar control estatal e iniciativa privada. O **sistema corporativo** pretendía organizar a economía en corporacións que agrupaban empresarios e traballadores baixo supervisión estatal, co obxectivo de evitar conflitos sociais. Aínda que na práctica limitou os dereitos laborais e favoreceu aos sectores empresariais, contribuíu a unha certa **estabilidade**.

O réxime impulsou tamén políticas destinadas a reforzar a economía nacional, especialmente a partir da crise de 1929, orientándose cara á **autarquía**. Desenvolvéronse grandes **obras públicas** e **campañas agrarias** como a “batalla do trigo”, que buscaban aumentar a produción e reducir a dependencia exterior. Estas medidas, xunto coa intervención estatal,

permitiron unha certa recuperación económica e unha redución do paro, o que reforzou o apoio ao réxime en determinados sectores.

Outro aspecto destacado foi a política demográfica. O fascismo **promoveu o crecemento da poboación** mediante incentivos á natalidade e unha concepción tradicional do papel da muller, centrada na maternidade e na familia, ao tempo que limitaba a súa presenza no ámbito laboral.

Con todo, estes logros tiveron importantes contrapartidas. O réxime baseouse na **supresión das liberdades**, tanto por medio dun control ideolóxico da sociedade coa propaganda e a educación, como coa persecución da oposición, papel no que destacaba a OVRA, a policía política do Estado fascista italiano.

Ademais, a súa **política exterior agresiva** puxo de manifesto o seu carácter expansionista e contribuíu á crecente tensión internacional. Durante o goberno fascista levouse a cabo a conquista de Etiopía, a intervención na Guerra Civil Española e un intento de expansión na zona dos Balcáns, onde Italia tiña numerosas ambicións territoriais non acadadas trala Gran Guerra.

6. O nacionalsocialismo alemán

O nacionalsocialismo (habitualmente coñecido como nazismo) xurdiu en Alemaña nun contexto marcado polas consecuencias da Primeira Guerra Mundial e, sobre todo, polas condicións impostas polo Tratado de Versalles. A perda de territorios, as reparacións económicas e a limitación militar foron percibidas como unha humillación nacional, alimentando un forte resentimento. A isto sumáronse a inestabilidade política da República de Weimar, a hiperinflación dos anos vinte e, máis tarde, o impacto devastador da crise de 1929, que provocou paro masivo e unha profunda desconfianza cara ao sistema democrático.

6.1. A aparición do nacionalsocialismo e as súas bases ideolóxicas

Neste escenario emerxeu a figura de **Adolf Hitler**, un excombatente da Gran Guerra moi desencantado co seu resultado. En 1919 afiliouse ao Partido dos Traballadores Alemáns (DAP), unha pequena formación nacionalista, anticomunista e antisemita. Grazas á súa capacidade oratoria e ao seu carisma, axiña se converteu no seu principal líder, transformando o partido no **Partido Nacional-Socialista Obreiro Alemán (NSDAP)**, cunha ideoloxía máis estruturada e un programa político ambicioso.

A **ideoloxía nacionalsocialista** baseábase nun nacionalismo extremo que, a diferenza do fascismo italiano, incorporaba un **forte compoñente racial**. A nación non se definía só por elementos culturais ou históricos, senón biolóxicos: o pobo alemán identificábase coa **raza aria** (a “raza dos señores” ou *Herrenvolk*, composta polos *Übermensch* ou “homes superiores”), considerada superior a todas as demais, coma xudeus, eslavos ou xitanos.


Esta concepción racial implicaba a exclusión de quen non pertencía a esa comunidade, especialmente os **xudeus, convertidos no principal inimigo** da patria e responsabilizados de problemas como a ameaza bolxevique, a crise económica ou a derrota na Gran Guerra (de feito, crían na **lenda da “puñalada polas costas”**, segundo a cal a derrota alemá fora debida á acción desde dentro do propio país de comunistas, socialistas, pacifistas e, sobre todo, xudeus). Así, o antisemitismo pasou a ser un elemento clave na época hitleriana.

Como no fascismo, o nacionalsocialismo rexeitaba a democracia liberal e o pluralismo político, considerados fontes de división e debilidade. No seu lugar, defendía un **Estado forte e autoritario**, que debía dirixir a sociedade en todos os seus aspectos. Non obstante, mentres no fascismo italiano o Estado tiña un papel central como fin en si mesmo, no nazismo este quedaba subordinado á idea de pobo e raza, converténdose nun instrumento ao servizo da nación.

Relacionado con isto estaba outro concepto clave desta ideoloxía, a necesidade de **conseguir “espacio vital”** (*Lebensraum*) para o expansionismo da raza aria e a creación dunha Gran Alemaña, un Estado forte e extenso que incluíra a todo o pobo alemán. Este espazo tiña que conseguirse mediante unha expansión cara o Leste, por razóns históricas e porque alí estaba o maior inimigo ideolóxico, o comunismo.

Outro elemento fundamental do nacionalsocialismo era o liderado absoluto. O **“principio do Führer”** (*Führerprinzip*) establecía que todo o poder debía concentrarse nun **único líder, Adolf Hitler**, cuxa autoridade era incuestionable. Esta concepción implicaba a eliminación de calquera forma de oposición e a **identificación total entre líder, Estado e pobo**, reforzada mediante unha intensa propaganda, cristalizada no lema *Ein Volk, ein Reich, ein Führer* (“Un pobo, un Imperio, un líder”).

No plano social, o nacionalsocialismo pretendía construír unha comunidade nacional cohesionada (*Volksgemeinschaft*), na que desaparecesen os conflitos



de clase en favor dunha **unidade baseada na pertenza racial e na lealdade ao réxime**. Para iso, desenvolvéronse **organizacións de encadramento da poboación** (xuventudes, sindicatos controlados, programas de lecer...) que buscaban integrar aos individuos no proxecto colectivo. Ao mesmo tempo, promovíase un **modelo tradicional de familia** e unha **política demográfica** orientada a aumentar a poboación.

En canto ás súas ideas económicas, o nacionalsocialismo adoptou unha posición pragmática. **Sen abolir a propiedade privada nin o capitalismo, estableceu un forte control estatal sobre a produción**, orientando a economía cara aos intereses do Estado. O obxectivo era acadar a autosuficiencia (autarquía) e preparar o país para un futuro conflito, o que se traduciu nunha intensa intervención pública, especialmente no rearmamento e nas obras públicas. Como no fascismo, tratábase de superar tanto o liberalismo económico como o marxismo, creando un modelo intermedio no que o Estado exercía unha dirección decisiva.

6.2. A construción do nacionalsocialismo alemán

Nun primeiro momento, Hitler e o seu NSDAP buscaban acceder ao poder con rapidez, e froito disto foi un golpe de Estado en 1923, o coñecido como *putsch de Múnich ou putsch da cervexería*. Tras o fracaso deste golpe, Hitler foi encarcerado, e durante este período redactou *Mein Kampf* (“A miña loita”), obra na que expuxo os fundamentos do seu pensamento: nacionalismo extremo, racismo biolóxico, antisemitismo e necesidade de expansión territorial. A experiencia do fracaso levouno a abandonar a vía insurreccional e apostar por unha estratexia de acceso ao poder a través dos mecanismos legais.

Unha vez liberado, Hitler reorganizou o partido e reforzou a súa estrutura, dotándoo de organizacións paramilitares. Xunto ás SA (*Sturmabteilung* ou **Seccións de Asalto**), creou as SS (*Schutzstaffel*), inicialmente como a súa garda persoal, que acabarían converténdose nun instrumento clave de control e represión dentro do réxime. Esta duplicidade permitiulle tamén equilibrar o poder interno do movemento.

A crise de 1929 foi decisiva para o ascenso nacionalsocialista. O aumento do paro e o colapso económico provocaron unha radicalización da sociedade alemá, e nese contexto o NSDAP presentouse como unha alternativa capaz de restaurar a orde, recuperar o orgullo nacional e superar a crise. O apoio creceu rapidamente, especialmente entre as clases medias e altas, así como entre sectores empresariais temerosos dunha posible revolución comunista, e isto permitiu unha ampla vitoria nas eleccións ao Reichstag ou parlamento alemán, trala que **Adolf Hitler foi nomeado chanceler en 1933**.

A partir dese momento, o proceso de concentración de poder foi rápido, xa que todos os movementos de Hitler foron encamiñados a facerse co poder total en Alemaña. O incendio do Reichstag, do que se culpou aos comunistas do KPD, deulle a excusa para ilegalizar a todos os partidos políticos agás o NSDAP, suspender os dereitos fundamentais e transformar Alemaña nun **Estado totalitario**, no que a sociedade quedaba sometida a un intenso control político, ideolóxico e cultural. Asimesmo, a morte do presidente Paul von Hindenburg permitiulle a Hitler proclamarse **Führer** (“líder” ou “xefe”), aunando así a xefatura do Estado e do goberno nas súas mans. Nacía así oficialmente o **Terceiro Reich** alemán.



O novo goberno nacionalsocialista comezou a desenvolver unha **política claramente intervencionista**, acompañada dun reforzo progresivo do control político sobre a sociedade. A través da eliminación da oposición, a centralización do poder e o uso de **organismos represivos como a Gestapo**, o réxime asegurou unha disciplina social que facilitou a aplicación das súas medidas económicas.

Neste contexto, o Estado impulsou **grandes programas de obras públicas**, entre os que destacou a construción da rede de autoestradas (*Autobahn*), que contribuíu á modernización das infraestruturas e á redución do paro. A isto sumouse un intenso **programa de rearmamento** para fortalecer a *Wehrmacht* (o exército alemán), que estimulou a industria pesada e favoreceu un notable crecemento económico: o desemprego pasou de arredor de 6 millóns de persoas en 1933 a menos de 1 millón a finais da década, mentres a produción industrial experimentou un forte incremento, especialmente nos sectores estratéxicos.

Ademais, o réxime promoveu **iniciativas destinadas a mellorar a integración social e o benestar da maioría da poboación**. A organización KdF (*Kraft durch Freude* ou “Forza a través da Alegría”) desenvolveu programas de lecer, vacacións e acceso a bens de consumo, entre os que destacou o proxecto do “coche do pobo” (*Volkswagen*).

No plano social e cultural, o nazismo buscou crear unha comunidade nacional cohesionada, baseada na unidade racial e na lealdade ao Estado. A educación, a xuventude e a cultura foron instrumentos fundamentais neste proceso, sometido a un estricto control ideolóxico. A arte e a cultura quedaron sometidas tamén ás directrices do réxime, que promoveu un estilo acorde cos seus valores (orde, tradición, heroísmo...) e perseguíu as vangardas, consideradas “arte dexenerado”.

Paralelamente, o réxime desenvolveu unha **política racial sistemática**. Esta materializouse en medidas legais como as **Leis de Núremberg** (1935), que privaban aos xudeus da cidadanía e prohibían os matrimonios mixtos, iniciando un proceso de exclusión progresiva da vida económica e social. Estas políticas reflectían o carácter profundamente discriminatorio do sistema e constituíron a base dunha persecución que se intensificaría nos anos seguintes.

A **propaganda** desempeñou un papel central na consolidación do Terceiro Reich. Dirixida por figuras como Hermann Göring e outros líderes do NSDAP, e difundida tamén a través do cine por directoras como Leni Riefenstahl, contribuíu a construír unha imaxe idealizada do réxime e a mobilizar á poboación arredor do proxecto nacionalsocialista.

En **política exterior**, o Terceiro Reich desenvolveu unha estratexia claramente **expansionista**, coherente coa idea de *Lebensraum*. O primeiro paso foi a retirada de Alemaña da Sociedade de Nacións, así como o rexeitamento do Tratado de Versalles e os seus acordos.

En 1935, a rexión do **Sarre**, reincorporouse a Alemaña tras un referendun, no que a anexión ao Reich foi amplamente respaldada nas urnas. En 1938 produciuse o **Anschluss, é dicir, a anexión de Austria**, un dos principais obxectivos de Hitler. A esta expansión seguiulle, ese mesmo ano, a **incorporación dos Sudetes**, unha rexión de maioría alemá dentro de Checoslovaquia (o que implicou na práctica a desaparición deste país, pois Eslovaquia converteuse nun Estado independente, pero aliñado co Reich, e Bohemia-Moravia nun protectorado alemán).

O aumento das tensións e o risco dunha escalada levou aos **Acordos de Múnich** (1938) entre Alemaña e as potencias europeas, especialmente Francia e o Reino Unido, que recoñeceron as ganancias territoriais alemás a cambio de que estas se detiveran. Posteriormente, e por sorpresa, Alemaña asinou o **Pacto Ribbentrop-Molotov** coa Unión Soviética, que incluía cláusulas secretas de repartición territorial en Europa do leste. Finalmente, a **invasión de Polonia** o 1 de setembro de 1939 provocou o **estoupido da Segunda Guerra Mundial**.